

XXX

Reclamante: XXX

Expediente. Nº **RSCTG 203/2023**

### **ASUNTO: Resolución da Comisión da Transparencia de Galicia na reclamación presentada ao amparo da disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno**

Vista a reclamación presentada por XXX mediante escrito do 19 de xullo de 2023, e considerando os antecedentes e fundamentos xurídicos que se especifican a continuación, a Comisión da Transparencia na sesión celebrada o día 26 de setembro de 2023, adopta a seguinte resolución:

#### **ANTECEDENTES**

**Primeiro.** XXX presentou, mediante escrito con entrada no rexistro do Valedor do Pobo o 19 de xullo de 2023, unha reclamación ao amparo do disposto na disposición adicional quinta da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, fronte á comunicación do Concello da Coruña de data 17 de xullo de 2023, pola que se da resposta á súa solicitude de data 27 de xuño de 2023, sobre información relacionada cun dispositivo que utilizou a Policía Local.

XXX indicaba que entre as 0:30 e 1:00 do sábado 24 de xuño, produciuse a emisión dunha mensaxe en inglés con orixe na Coraza do Orzán diferente ao do resto dos avisos. As forzas de seguridade presentes lle comunicaron que era un test de proba dun sistema distinto emitido por erro. Considera que polo contexto, é probable que a mensaxe proviñese dun dispositivo de tecnoloxía militar LRAD, que Amnistía Internacional recoñece capaz de usarse como arma e causar danos auditivos a longo prazo, polo que solicitou o nome do dispositivo que causou a mensaxe, a folla das súas características, entidade que despregou o dispositivo, entidade que aprobou o seu despregamento, base legal para o seu despregamento, información de seguridade relativa ao uso do dispositivo, incluíndo estudos de posibles danos a longo prazo e información de adquisición do dispositivo (data en prezo).

A contestación foi que o sistema non foi adquirido nin contratado polo Concello, nin se prevé o seu uso en ocasións futuras e por tanto non teñen información detallada sobre o mesmo.

Considera XXX que a resposta confirma que o dispositivo ("uns altofalantes especiais") foi cedido para o exercicio das funcións da Policía Local, polo que a información solicitada débese considerar información pública. Ningunha das motivacións nas que se basea a resposta negativa á solicitude ("o sistema non foi adquirido nin contratado polo concello", "non se prevé o seu uso en ocasións futuras", "non se ten información detallada sobre o mesmo") é un límite válido ao dereito de acceso recollido na normativa de Transparencia.

Indica que hai indicios de que o dispositivo despregado, operativo e activado por erro era un sistema LRAD (Long Range Acoustic Device), pola calidade da mensaxe oída (diferente aos altofalantes), o seu contido (en inglés e cunha frase coherente cunha mensaxe de proba) e o testemuño dos axentes que había na Coraza e a propia caracterización do dispositivo ofrecida na resposta á petición de información ("altofalantes especiais"), que son unha ameaza para a integridade física das persoas, por ser armas acústicas capaces de causar dano permanente.

A información solicitada é relevante á hora de determinar se a cesión, despregamento e activación por erro do dispositivo realizáronse en conformidade coa normativa que lle é de aplicación.

O escrito viña acompañado de copia da solicitude presentada e do seu DNI.

**Segundo.** Con data do 26 de xullo de 2023 déuselle traslado da documentación achegada polo reclamante ao Concello da Coruña para que, en cumprimento da normativa de transparencia, achegase informe e copia completa e ordenada do expediente.

**Terceiro.** Con data do 3 de agosto de 2023 o Concello da Coruña contesta a petición remitindo o informe e o expediente instruído.

Neste informe, en resumo, indícase que na noite do 23-24 de xuño de 2023 desenvolveuse un ano máis na cidade da Coruña a celebración de San Xoán (Festa local de interese nacional e internacional), para o que se deseñou un amplo dispositivo integral de seguridade (policías, bombeiros, protección civil, ambulancias, cruz vermella, seguridade privada, servizos sociais e ambientais etc..) para evitar/minimizar lesións/danos e outros prexuízos á cidadanía e ao interese xeral, prevéndose unha gran presenza de persoas en toda a cidade da Coruña, especialmente nos areais e inmediacións das praias onde se celebraron os actos de concertos, fogueiras, fallas e fogos artificiais.

Circunstancias de perigo que acrecen potencialmente a inseguridade e que desde a área de seguridade cidadá por razóns de interese xeral ano tras ano explóranse e incorpóranse novas

medidas de seguridade, especialmente a implementación de novas tecnoloxías para acrecer a eficiencia na resposta ante posibles incidencias que poidan acontecer. Este ano, entre outras exploracións novas cedéuselle gratuitamente uns altofalantes especiais para no seu caso, emitir mensaxes de alerta á cidadanía, e este sistema é o que emitiu a mensaxe de referencia.

Polo tanto, confirmase que a mensaxe curta emitida polo autofalante en idioma inglés foi emitido inconscientemente por erro, ao pulsar un axente un botón do dispositivo, cando nun momento dado ao tropezar cun cable, este dispositivo que estaba sobre unha mesa, case cae e ao agarralo precipitamente para que non caese, nese momento pulsouse o devandito botón.

Polo tanto, respecto ás preguntas expostas a resposta é negativa porque o devandito sistema que era secundario (non previsto) dentro das medidas de seguridade e que ademais non foi pedido, se non ofertado gratuitamente, non foi adquirido nin contratado polo concello da Coruña, nin se prevé o seu uso en ocasións futuras e polo tanto non dispón de información detallada sobre o mesmo, tendo un impacto irrelevante e case inexistente sobre a cidadanía.

## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

### Primeiro. Competencia e normativa

O artigo 24 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, de carácter básico na súa práctica totalidade, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información, poderá interpoñerse unha reclamación ante o *Consejo de Transparencia y Buen Gobierno*, con carácter potestativo e previa a súa impugnación en vía contencioso-administrativa. Esa mesma lei, na súa disposición adicional cuarta, establece que a resolución da reclamación prevista no artigo 24 corresponderá, nos supostos de resolucións ditadas polas Administracións das Comunidades autónomas e o seu sector público, e polas Entidades Locais comprendidas no seu ámbito territorial, ao órgano independente que determinen as Comunidades Autónomas.

O artigo 28 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, establece que contra toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso á información pública, poderá interpoñerse unha reclamación ante o Valedor do Pobo, correspondendo á Comisión da Transparencia, de acordo co disposto no artigo 33, a resolución das devanditas reclamacións.

A disposición adicional quinta da lei establece que resolver esas reclamacións corresponderá, no suposto de resolucións ditadas polas entidades locais de Galicia, ao Valedor do Pobo, ao que se adscribe a Comisión da Transparencia, que por tanto é a competente para resolver.

### Segundo. Procedemento aplicable

O artigo 28.3 da citada Lei 1/2016 establece que o procedemento de reclamación axustarase ao previsto nos parágrafos 2, 3, e 4 do artigo 24 da Lei 19/2013, que establece que as reclamacións contra resolucións en materia de acceso á información, que ten carácter potestativo e previo á impugnación en vía contencioso-administrativa, axustarán a súa tramitación ao disposto na lexislación de procedemento administrativo común en materia de recursos.

### **Terceiro. Dereito de acceso á información pública**

A Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, recoñece no seu artigo 24 o dereito de todas as persoas a acceder á información pública, entendida esta como os contidos ou documentos, calquera que sexa o seu formato ou soporte, que consten en poder dalgún dos suxeitos incluídos no ámbito de aplicación desta lei e que fosen elaborados ou adquiridos en exercicio das súas funcións, do mesmo xeito que a definición contida no artigo 13 da Lei estatal 19/2013 que ten carácter básico.

O concepto de información pública e o dereito de acceso á mesma configúranse de forma ampla tanto na normativa autonómica como na estatal. Os titulares do dereito son todas as persoas, sen que o solicitante estea obrigado a motivar a súa solicitude de acceso á información (art. 26.4 Lei 1/2016, do 18 de xaneiro).

O obxecto da Lei 19/2013, é ampliar e reforzar a transparencia da actividade pública e regular e garantir o dereito de acceso a información relativa a aquela actividade (art. 1). No seu preámbulo sinala que a transparencia, o acceso á información pública e as normas de bo goberno deben ser os eixos fundamentais de toda acción política e só cando a acción dos responsables públicos sométese a escrutinio, cando os cidadáns poden coñecer como se toman as decisións que lles afectan, como se manexan os fondos públicos ou baixo que criterios actúan as nosas institucións pódese falar do inicio dun proceso no que os poderes públicos comezan a responder a unha sociedade que é crítica, esixente e que demanda participación dos poderes públicos.

Pola súa banda, a Lei galega 1/2016, sinala na súa Exposición de Motivos que a crecente esixencia cidadá de control público da actuación das administracións aconsella a aprobación dunha norma que supera os anteriores estándares e que se concreta nun texto legal que establece esixencias engadidas de transparencia e acceso á información pública.

### **Cuarto. Prazo para a interposición do recurso**

O artigo 28.3 da Lei 1/2016, establece que o procedemento das reclamacións fronte ás resolucións en materia de acceso á información pública axustarase ao previsto no artigo 24 da Lei 19/2013.

O artigo 24 da Lei 19/2013 establece que fronte a toda resolución expresa ou presunta en materia de acceso a información poderá interpoñerse unha reclamación con carácter potestativo e previo á súa impugnación na vía contencioso-administrativa.

Esta reclamación interpoñerase no prazo dun mes para contar desde o día seguinte ao da notificación do acto impugnado ou desde o día seguinte a aquel no que se produzan os efectos do silencio administrativo.

Dado que segundo consta no expediente remitido, a resposta produciuse o 17 de xullo de 2023 e a reclamación tivo entrada no Rexistro do Valedor do Pobo con data do 19 do mesmo mes, debe admitirse a reclamación por estar presentada en prazo.

#### **Quinto.- Análise do expediente**

XXX solicitou ao Concello da Coruña, información sobre un dispositivo utilizado pola Policía Local que emitiu unha mensaxe na noite do 23 ao 24 de xuño de 2023. En concreto solicitou o nome do dispositivo que causou a mensaxe, a folia das súas características, entidade que despregou o dispositivo, entidade que aprobou o seu despregamento, base legal para o seu despregamento, información de seguridade relativa ao uso do dispositivo, incluíndo estudos de posibles danos a longo prazo e información de adquisición do dispositivo (data en prezo).

A contestación foi que o sistema foi cedido gratuitamente ao Concello polo que non foi adquirido nin contratado polo Concello, nin se prevé o seu uso en ocasións futuras e por tanto non teñen información detallada sobre o mesmo.

O dereito dos cidadáns de solicitar aos suxeitos incluídos dentro do ámbito de aplicación da Lei básica e da Lei autonómica en materia de Transparencia calquera tipo de información pública, como é neste caso a utilización pola Policía Local dun dispositivo para garantir a seguridade da cidadanía nunha celebración con alta concentración de persoas, implica o dereito a recibir unha resposta documentada, completa e satisfactoria, dado que a resposta deste tipo supón unha ferramenta indispensable para poder exercer o control da actuación pública.

O dereito de acceso á información aparece configurado no noso ordenamento cunha formulación ampla, de xeito que só son aceptables as limitacións que resulten xustificadas e proporcionadas, debéndose interpretar de xeito restritivo os límites e excepcións legais establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, o mesmo que sucede coas causas de inadmisión de solicitudes de información que enumera o artigo 18, que deben ser interpretadas de forma restritiva.

Claramente o deixa así sinalado o artigo 14.2 cando dispón que a aplicación dos límites será xustificada e proporcionada ao seu obxecto e finalidade de protección e atenderá ás circunstancias do caso concreto, especialmente á concorrencia dun interese público ou privado superior que xustifique o acceso, por tanto a posibilidade de limitar o dereito de acceso á información non constitúe unha potestade discrecional da administración.

A aplicación dos límites contemplados na normativa vixente en materia de transparencia debe ser acorde co Criterio Interpretativo CI/002/2015, do Consejo de Transparencia y Buen Gobierno no que se establece que os límites aos que se refire o artigo 14 da Lei debe estar ligada coa protección concreta dun interese racional e lexítimo, polo que deberá analizarse se a estimación da petición de información supón un prexuízo (test do dano) concreto, definido e avaliabile, e sempre que non exista un interese que xustifique a publicidade ou o acceso (test do interese público).

Como estableceu a xurisprudencia, o dereito á información soamente verase limitado naqueles casos en que así sexa necesario pola propia natureza da información ou pola súa entrada en conflito con outros intereses protexidos. A Lei consagra a prevalencia do dereito subxectivo a obter a información e correlativamente o deber de entregala, salvo que concorran causas xustificadas que limiten tal dereito, ás que se refire o art. 14. Tales causas constitúen conceptos xurídicos indeterminados cuxa relevancia e transcendencia deben ser concretadas en cada caso, ponderando os intereses en conflito, esixíndose que se acredite que o acceso á información supoña un prexuízo superior ao dereito de acceso.

No presente caso, non se deu a XXX información sobre nome do dispositivo, as súas características, a entidade que aprobou o despregamento do dispositivo, a súa base legal, posibles danos a longo prazo que poda causar e quen realizou o préstamo do mesmo, sen que sequera se enuncien, nin na comunicación realizada pola Policía Local ao interesado, nin no informe remitido polo Concello a esta Comisión, a existencia de límites na información solicitada, que de conformidade co disposto no artigo 16 da Lei 19/2013, xustifiquen o outorgamento da información parcial como a que se proporcionou, e non da totalidade da mesma.

De acordo co anterior, procede a estimación da reclamación presentada, debendo dar o Concello a información solicitada da que dispoña, e na que na que non concorran límite algún dos establecidos nos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013 para proporcionarlle, que de ser o caso, deben xustificarse adecuadamente.

En base aos feitos e fundamentos de dereito anteriormente expresados, a Comisión da Transparencia,

**ACORDA**

**Primeiro:** Estimar a reclamación presentada por XXX con data do 19 de Xullo de 2023, contra a fronte á comunicación do Concello da Coruña de data 17 de xullo de 2023, pola que se da resposta á súa solicitude de data 27 de xuño de 2023, sobre información relacionada cun dispositivo utilizado pola Policía Local.

**Segundo:** Instar ao Concello da Coruña a que, no prazo máximo de 10 días hábiles, responda ao interesado á petición de información solicitada, respectando os límites dos artigos 14 e 15 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, e o artigo 22 da mesma lei, no que fai á formalización do acceso.

**Terceiro:** Instar ao Concello da Coruña a que, no prazo máximo de 15 días hábiles, remita a esta Comisión da Transparencia copia do envío ao reclamante da información solicitada.

Contra esta resolución que pon fin á vía administrativa unicamente cabe, en caso de desconformidade, interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses, contados desde o día seguinte á notificación desta resolución, ante a Sala do contencioso-administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co previsto no artigo 10.1 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Santiago de Compostela,

María Dolores Fernández Galiño  
**Presidenta da Comisión da Transparencia.**